

-Día Mundial do Hábitat e da Arquitectura-

*Luns-5 de outubro
Praza da Quintana*

NOTA DE PRENSA

A Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos celebra hoxe o Día Mundial do Hábitat e da Arquitectura cunha ollada á artesanía

Baixo o título *Unha nova man*, os arquitectos composteláns inauguran ás 20:00 horas unha instalación figurativa en forma de vide, realizada con aluminio, cobre reciclado e fibra óptica

De seguido, os asistentes poderán gozar duns aperitivos e de boa música en directo, co concerto do grupo Ummagumma Rock and Roll Explosion

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2009 (Vía Láctea Comunicación).- A **Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG)** celebra esta tarde o Día Mundial do Hábitat e da Arquitectura. A efeméride fórmulase nesta ocasión baixo o lema ***O Dinamismo do Arquitecto fronte ás Crises Globais***, auspiciada polo Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España (CSCAE) e a Unión Internacional de Arquitectos (UIA) que se reuniron na cidade de San José (Costa Rica) o pasado febreiro.

O COAG-Santiago centra os seus esforzos nunha serie de actos cos que pretende profundizar no estado do oficio e na súa reformulación, baixo o lema ***Unha nova man***. Así, os colexiados teñen previsto unha serie de actividades que se desenvolverán na praza da Quintana. Ás **20:00 horas** comezarán os festexos co discurso do presidente do COAG-Santiago, **Jorge Duarte**, e do coordinador de Cultura, **Iván Andrés**, quen lerá o manifesto institucional propio deste día.

Tras estas palabras, inaugurarase unha espectacular instalación para conmemorar esta festividade. Estará exposta na Quintana ata o próximo martes-13 de outubro, “alargando así a celebración do Día Mundial durante toda a semana” –puntualizou o Jorge Duarte.

Polo uso da man nace e evoluciona a nosa especie

A Comisión de Cultura centra os seus esforzos deste ano en recuperar o labor dos artesáns, neste caso un **orfebre** e un **ferreiro** que serán os encargados de realizar unha instalación con fíos de aluminio, cobre reciclado e fibra óptica. Trátase dun exercicio de colaboración entre oficios, novas e vellas tecnoloxías e materiais tradicionais e innovadores.

Todo este proceso materilízase nunha **vide metálica**, que medra dun pilar da Casa da Conga e con sarmentos de luz que tentan acadar os muros da Catedral. O lugar escollido para a acción é o encontro entre as prazas da Quintana e Praterías e a Casa de Conga e a Catedral, relacionándose coa Vía Sacra e a Casa da Parra.

A finalidade desta instalación é recuperar un método de traballo, o artesanal, dignificar a súa labor e dála a coñecer de novo á sociedade, que esqueceu por completo o proceso construtivo de décadas anteriores.

Con esta acción, a Delegación do COAG en Santiago prantexa a necesidade de repensar o oficio en claves que, aínda vivas, están esquecidas. “Frente á incertidume do momento prantexamos un optimismo pragmático baseado nos vellos coñecementos, froito de antergas necesidades e mirando cara o futuro coa ollada posta nunca búsqueda dun entendemento profundo do presente” – explicou Iván Andrés.

Os tres niveis da instalación

O traballo pretende acadar varios niveis simbólicos nun dos nós urbanos máis significativos da cidade de Santiago. En primeiro lugar lémbrese que a aparición de novos materiais ou novos problemas ao longo da historia non prantexaron tecnoloxías *ex novo*, senón que estas partiron das xa existentes. Un segundo nivel é o da necesaria colaboración dos oficios, non só na realización dun traballo concreto senón tamén no intercambio de coñecementos que abren novos camiños.

O terceiro nivel fala da importancia que a preservación e transmisión deste tipo de coñecemento supón como capital social e humano necesario para afrontar a necesidade de crear e habitar contornos sostibles. Os últimos niveis fan referencia a unha das esencias do oficio dos arquitectos, o lugar, e neste caso a intervención realízase nunha encrucillada de espazos urbanos e edificios de indudable significado cidadá. [Para máis información consultar a web da delegación www.arquitectosdesantiago.es ou o blog *Unha nova man* <http://diamundialarquitectura.wordpress.com>].

Música na Quintana

Tras a inauguración desta tarde, haberá un gran concerto a cargo do grupo **Ummagumma Rock and Roll Explosion** e de seguido uns aperitivos aos que están convidados todos os cidadáns de Compostela.

A Ummagumma R'n'R Explosion é unha cover band que nace en Noia (A Coruña), coa intención de rememorar os clásicos do rock duro, o blues e o rock dos anos 60-70. O seu potente son únese a unha coidada posta en escena que nos transportará cara os sons máis auténticos dos anos do amor e da liberación mental e un repertorio que sabe conxugar os grandes clásicos con temas menos coñecidos das míticas formacións destas décadas.

N.B.- Xuntamos fotografía do traballo artesanal da instalación (realizadas por Bernardo Diéguez Morán) e do grupo de música

SAÚDOS

Prensa COAG

Eva / 981 55 44 07

www.arquitectosdesantiago.com